

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS URBANOS E TRANSPORTE A PLANTA DE TRATAMENTO MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS E TRAMITACIÓN URGENTE.

1.- Obxecto e cualificación.

O obxecto do contrato é a xestión do servizo público de "Recollida de residuos urbanos e transporte a planta de tratamento", segundo o previsto neste Prego e no Prego de Prescricións técnicas.

O obxecto do presente contrato corresponde á codificación **CPA O-90.02.20 CPU 905 11 300 -5.**

A explotación do servizo realizarase mediante a modalidade de concesión pola que o empresario xestionará o servizo ao seu propio risco e ventura.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de xestión de servizos públicos segundo establece o artigo 8 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

O servizo ostentará en todo momento a cualificación de servizo público de competencia municipal, coas consecuencias inherentes a esta cualificación que establece a lexislación vixente.

2. Prezo do contrato.

2.1. O prezo de licitación do presente contrato fíxase na contía de 54.313,15 euros anuais; este prezo queda desglosado en 50.511,15 euros anuais e 3.802 de ive. Cada licitador debe propoñer o prezo anual polo que se compromete a realiza-los servizos que comprende este prego, respectando en todo caso o límite establecido.

A efectos da licitación, o valor estimado do contrato, segundo as previsións do artigo 76 da L.C.S.P. (importe total, sen incluí-lo ive e posible revisión do prezo, e incluíndo eventuais prórrogas) é de 707.156,1€ euros.

2.2. As obrigacións económicas que se deriven do cumprimento deste contrato realizaranse con cargo á

partida orzamentaria 4.22 para o exercicio 2010 e sucesivos.

2.3..Para tódolos efectos entenderase que nas ofertas e nos prezos aprobados están incluídos tódolos gastos que o adxudicatario debe facer para cumpri-las prestacións contratadas, como son os xerais, financeiros, seguros, transporte e desprazamentos, publicación de anuncios, honorarios do persoal ó seu cargo e toda clase de tributos, en especial o imposto sobre o valor engadido e calquera outro que se puidese establecer ou modificar durante a vixencia do contrato, sen que poidan ser repercutidos como partida independente do prezo establecido.

2.4..O prezo do contrato non poderá ser obxecto de revisión no prazo contratado. Transcorridos doce meses desde a data de inicio efectivo da prestación do servizo, procederase á revisión anual do prezo de adxudicación, de acordo coa variación do Índice de Prezos ó Consumo que estea publicada a esa data polo Instituto Nacional de Estatística.

2.5. A adxudicación condiciónase a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente para o financiamento das obrigas derivadas do contrato nos exercicios económicos seguintes.

3. Duración do contrato.

3.1. O contrato terá unha duración de doce anos, contados de data a data desde o día da súa sinatura.

3.2. O contrato poderá prorrogarse por un período de dous anos, por acordo expreso do Concello e concesionario, formalizado alomenos con tres meses antes da data da súa finalización. En ningún caso se producirá a prórroga automática nin adquirirá o concesionario dereito algún de seguir prestando o servizo, sen prexuízo da liquidación que puidera corresponderlle.

3.3. Considérase sempre implícita na concesión a facultade de resolvela antes do seu vencemento, de xustificalo as circunstancias de interese público. Nestes supostos o concesionario será resarcido dos danos que se lle produzan.

3.4. En calquera caso, o prazo máximo de concesión, incluídas as prórrogas, non poderá superar catorce anos.

4. Procedemento e forma de adxudicación.

A forma de adxudicación do presente contrato de xestión do servizo público de "Recollida de residuos urbanos e transporte a planta de tratamento" será o procedemento aberto con varios criterios de adxudicación e tramitación urxente, no cal todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato con licitadores, de acordo co artigo 141 da LCSP.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios directamente vinculados co obxecto do contrato, de conformidade co disposto no artigo 134.1 da LCSP e a cláusula 11ª deste Prego.

5. Garantía provisoria.

5.1. Os licitadores acreditarán a constitución a favor do Concello, dunha garantía provisoria polo 3 por 100 do orzamento do contrato nos termos establecidos no artigo 91 da LCSP.

5.2. A garantía provisoria devolveráselles ós licitadores inmediatamente despois da adxudicación definitiva do contrato, agás ó adxudicatario.

6. Órgano de contratación.

A vista do importe do contrato, o órgano competente para efectua-la presente contratación e tramitación do expediente, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda da LCSP, será o Pleno da Corporación, e por delegación segundo acordo de data 10 do xullo de 2007, a Xunta de Goberno Local.

7. Medios materiais e persoais adscritos o servizo.

A). Persoal:

1. O persoal que contrate o adxudicatario para a xestión deste servizo será da súa única conta, non existindo por parte do Concello ningunha obriga nin compromiso nin vínculo laboral con dito persoal, nin durante a vixencia do contrato nin a partir da súa extinción.

Serán de exclusiva conta do contratista tódalas obrigas derivadas da contratación de dito persoal, así como a responsabilidade sobre a seguridade e hixiene no traballo.

2. O adxudicatario en materia de persoal deberá cumprir ademais co establecido neste prego e no prego de prescricións técnicas.

B). Medios materiais:

O adxudicatario deberá aportar para o servizo todo o material e maquinaria necesaria para a realización dos servizos segundo o contemplado neste e prego e no prego de prescricións técnicas.

8. Capacidade para contratar.

8.1. Están capacitadas para contratar as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade para obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional polos medios dos artigos 63, 64 e 67 da LCSP, e non se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 49 da devandita Lei.

De conformidade co establecido no art. 46 da LCSP, as empresas adxudicatarias deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e se acredite debidamente e dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

8.2. Así mesmo a Administración poderá contratar con unións de Empresas que se constitúan temporalmente ao efecto, de conformidade co establecido no artigo 48 da LCSP.

Para que a efectos da licitación sexa eficaz a unión temporal fronte á Administración, será necesario que os empresarios que desexen concorrer integrados nela indiquen os nomes e circunstancias dos que a constitúan, a participación de cada un deles e que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios, (Art. 48.2 LCSP e Art. 24.2 R.D. 1098/2001).

No suposto de resultar adxudicataria, a Unión Temporal deberá formalizar a mesma, en escritura pública, unha vez resulte adxudicatario provisional e en todo caso antes da adxudicación definitiva do contrato.

9. Presentación de proposicións, documentos e prazo presentación.

9.1. Presentación de proposicións.

A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicional das cláusulas deste prego e do resto dos documentos contractuais, sen excepción ningunha, así como a declaración responsable da exactitude de todos os datos presentados e de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para a contratación do servizo.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse no lugar e prazo que se indican nos epígrafes 6 e 7 do cadro de características do contrato, dentro do prazo de oito días naturais a contar desde o seguinte a data de publicación do anuncio no B.O.P, en horas de 9 a 14 e en tres sobres pechados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos nesta cláusula.

No suposto de que as proposicións se remitan por correo, o licitador deberá xustificar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos, e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio.

Os envíos das proposicións a que se refire o apartado anterior deberán remitirse mediante correo urxente, co fin de non dilatar o acto de apertura de plicas e a adxudicación do contrato.

9.2. Documentación.

As proposicións presentaranse en tres sobres pechados e levarán inscritos no anverso os seguintes datos:

“Proposición para participar no concurso para a contratación da xestión do servizo de recollida de residuos urbanos e transporte a planta de tratamento do concello da Capela”

9.2.1 SOBRE A: Subtitulado **“DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA”** .Este sobre conterá a seguinte documentación :

A) DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA CAPACIDADE DAS EMPRESAS:

A.1) Empresario individual: Fotocopia compulsada do N.I.F., Pasaporte ou documento que o substitúa.

A.2) Persoas xurídicas: Escritura de Constitución ou Modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o fose: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro Oficial .

-Fotocopia da tarxeta do Código de Identificación Fiscal (CIF) debidamente compulsada.

A.3) Empresas non españolas de estados membros da Unión Europea.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea acreditarase mediante a súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.5) Restantes empresas estranxeiras.

A capacidade das empresas estranxeiras no comprendidas en los apartados anteriores, se acreditará mediante informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

A.6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias).

-Declaración de sometemento á xurisdicción de tribunais e xulgados españois:

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdicción dos Tribunais e xulgados españois de calquera orden, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitante, (art. 130. d) da LCSP).

B) PODERES: Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de Sociedade ou persoa xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre á licitación. Acompañarase fotocopia compulsada do DNI do apoderado/a.

C) BASTANTEO DE PODERES: Os poderes a que se refire o apartado B) da presente cláusula, deberán bastantearse previamente polo Secretario Xeral da Corporación ou funcionario/a en quen delegue, (Art. 21 del R.D. 1098/2001).

D) PROBA DE NON ESTAR INCURSA EN PROHIBICIÓN PARA CONTRATAR: Mediante declaración responsable de non estar incurso en prohibición para contratar que incluírá a manifestación de acharse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditariva de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a cuxo favor se fose a efectuar esta.

E) ALTA NO IAE (impuesto de actividades económicas) e último recibo do pago.

- Fotocopia compulsada do alta e último recibo do IAE, con indicación do epígrafe ou epígrafes correspondentes e clase (Municipal, Provincial ou Nacional), ou ben declaración responsable de atoparse o licitador exento do pago deste imposto.

F) DOCUMENTO DE CLASIFICACIÓN EMPRESARIAL: De acordo co disposto no artigo 54.1 da LCSP será requisito

indispensable que o empresario se atope debidamente clasificado, debendo achegar documento acreditativo da inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e empresas Clasificadas do Ministerio de Facenda ou órgano correspondente da Comunidade Autónoma de Galicia, así como, certificación de inscrición como Xestor de Residuos no Rexistro correspondente da Consellería de Medio Ambiente.

G) CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DE ACHARSE AO CORRENTE NO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

- Certificación ou documento acreditativo de que o contratista se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social. Non obstante, os licitadores poderán presentar a declaración responsable á que se fai mención no parágrafo anterior sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a cuxo favor se fose a efectuar esta.

H) CERTIFICACIÓN DE QUE O CONTRATISTA NON TEN DÉBEDAS DE NATUREZA TRIBUTARIA CO CONCELLO DA CAPELA.- Os ofertantes solicitarán na Deputación Provincial de A Coruña o certificado de que non figura, a nome do licitador, liquidación tributaria pendente de cobro en período executivo por tributos ou prezos públicos cuxa xestión recadatoria teña sido delegada polo Concello da Capela.

I) SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCIERA.- Acreditarase polos medios que se establecen no artigo 64 da LCSP.

J) SOLVENCIA TÉCNICA.- Acreditarase polos medios que dispón o artigo 67 da LCSP.

K) REXISTRO DE EMPRESAS CONTRATISTAS DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.- As empresas que figuren inscritas no Rexistro de Documentación de Empresas Contratistas da Deputación da

Coruña, quedarán exentas de presentar os documentos referenciados nos apartados : A), B) C), D),E),F) e G) sempre que acompañen unha declaración xurada na que fagan constar expresamente que os citados documentos están vixentes.

A estes efectos será suficiente con que o licitador indique o número de inscrición no rexistro ou acompañe unha fotocopia simple do documento acreditativo de inscrición.

L) XUSTIFICANTE DE TER DEPOSITADA A GARANTIA PROVISIONAL.

M) DIRECCIÓN, Nº TELEFONO E FAX A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN.

N) RELACIÓN DE TÓDOLOS DOCUMENTOS PRESENTADOS.

9.2.2.- SOBRE B: Subtitulado "DOCUMENTACIÓN TÉCNICA".

A documentación a incluír dentro deste sobre presentárase numerada correlativamente, e se relacionará nun folio independente cun índice, este sobre conterá:

a) Memoria explicativa da forma en que se realizarán os servizos, debendo consigna-las condicións xerais que cada licitador estime oportunas co fin de chegar a un mellor coñecemento da oferta, tendo en conta os pregos de condicións técnicas e administrativas.

b) Horario de traballo, relación de persoal necesario e material a empregar no servizo, así como percorridos a realizar para o seu óptimo aproveitamento, xunto con aqueles datos que cada licitador considere oportunos para o mellor coñecemento da súa proposta.

c) Características de vehículos e material a utilizar así como, plan do seu mantemento.

d) Relación de servizos semellantes realizados noutros concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, cos xustificantes de boa xestión.

e) Relación de instalacións de que dispoña a empresa coa dirección da situación.

f) Póliza de responsabilidade civil de que dispoña ou se comprometa a subscribir coas contías por sinistro e persoa.

g) Calquera outro documento que o licitador considere oportuno e teña relación co obxecto do contrato.

h) Presuposto anual dos servizos. Os licitadores presentarán unha descomposición do prezo total anual a aboar polo Concello, distribuído nas diversas partidas que o integren.

A suma destes capítulos constitúen os custos de execución material sobre os que se aplicarán as porcentaxes de gastos xerais e beneficio industrial (determinando os licitadores estas porcentaxes) aplicando sobre o total, o imposto sobre o valor engadido (IVE) obterase o prezo final anual dos servizo obxecto da licitación.

9.2.3.- SOBRE C: Subtitulado "OFERTA ECONÓMICA". Conterá a proposta económica conforme ó seguinte modelo:

D....., con DNI nº....., e domicilio a efectos de notificación en.....en nome propio (ou en representación de.....con CIF nº.....) toma parte no procedemento aberto convocado polo concello da Capela para adxudicación da xestión do servizo público de "Recollida de residuos urbanos e transporte a planta de tratamento", segundo anuncio publicado no..... de data....., a tal efecto fai constar:

1º. Que ofrece o seguinte prezo:

A) Prezo IVE.....sen euros/ano.
B) Imposto sobre o valor engadido(IVE).....euros/ano.
C) TOTAL
(A+B).....euros/ano

2º. Que coñece e acepta integramente cantas obrigas se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas do presente contrato.

3º.- Que acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.

.....,de.....de 2009.

O licitador.

10. Documentos: orixinais e copias.

Os documentos que se acompañen ás proposicións haberán de ser orixinais. Non obstante, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo Secretario Xeral da Corporación ou funcionario/a en quen delegue, nas que se faga constar que foron compulsadas cos seus orixinais.

11. Criterios para a adxudicación.

Os criterios que servirán de base para a avaliación das ofertas pola mesa de contratación e posterior resolución polo órgano competente adaptaranse ó seguinte baremo:

- 1.-Proxecto recollida, valorarase ata un máximo de 40 puntos.
- 2.- Oferta económica, valorarase ata un máximo de 25 puntos.(máxima puntuación á mellor oferta económica, puntuando o resto aplicando unha regra de tres simple).
- 3.- Melloras propostas por cada licitador, ata un máximo de 20 puntos.
- 4.-Experiencia na xestión de recollida e transporte de residuos urbanos en concellos de similares características ó da Capela, ata un máximo de 15 puntos.

12. Mesa de Contratación.

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 10 de Disposición Adicional Segunda da LCSP, estará integrada polos seguintes membros: será presidida polo Sr. Alcalde ou Concelleiro no cal delegue, e formarán parte de mesma como vocais o concelleiro delegado de obras, o Secretario-Interventor da Corporación, e a Arquitecto municipal, actuando como Secretario da Mesa un funcionario da Corporación.

13. Apertura de plicas.

13.1. Rematado o prazo para a presentación de proposicións, as dez horas do segundo día hábil seguinte terá lugar a apertura de plicas no Salón de Sesións da Casa do Concello, constituirase a Mesa de contratación que procederá a apertura e cualificación da documentación contida no sobre A, presentados en tempo e forma.

De conformidade co disposto no artigo 81.2 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, si a Mesa observase defectos materiais ou omisións emendables na documentación presentada, comunicarallo aos interesados e publicará estas circunstancias no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello, concedéndolle un prazo non superior a tres días para que os licitadores corrixan os defectos ou omisións.

13.2. As dez horas do quinto día hábil seguinte ó día en que remate o prazo de presentación de proposicións celebrárase o acto público de apertura do sobre B, constituíndose a estes efectos a Mesa, e dando conta en primeiro lugar do resultado da cualificación da documentación presentada nos sobres A, indicando os licitadores admitidos e excluídos coas causas da súa exclusión, invitando aos asistentes a formular as observacións que estimen pertinentes que serán recollidas na acta correspondente.

A continuación a Mesa de contratación procederá a apertura dos sobres B, e procederá nunha primeira fase a puntuación da documentación presentada segundo os criterios de valoración da cláusula novena, con excepción da oferta económica. Para valorar os aspectos da oferta, a Mesa poderá solicitar cantos informes técnicos considera necesarios.

13.3. Unha vez realizada a valoración da documentación técnica do sobre B, terá lugar en acto público a apertura do sobre C, oferta económica, na data e hora que se publicará no Taboleiro de anuncios da Casa do

Concello. Dito acto desenvolverase de acordo co previsto no artigo 83 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, e procederase a valoración das ofertas segundo o criterio establecido na cláusula novena deste prego.

13.4. Finalizado o acto público, a Mesa procederá a puntuación definitiva das ofertas, sumando as puntuacións parciais obtidas de acordo cos criterios de valoración, cualificando as proposicións por orde decrecente e formulando proposta de adxudicación provisional do contrato a favor do licitador que presentase a oferta que resulte economicamente mais vantaxosa, elevando esta proposta ao órgano de contratación.

14. Adxudicación provisional.

A adxudicación provisional do contrato deberá acordarse no prazo dun mes desde a apertura das proposicións polo órgano de contratación en resolución motivada que se notificará aos licitadores e publicarase no Boletín Oficial da Provincia ou no perfil de contratante do órgano de Contratación, e se os interesados o solicitan facilitaráselles información, nun prazo de cinco días hábiles, dos motivos do rexeitamento da súa proposición e das características da proposición do adxudicatario que foron determinantes da adxudicación ao seu favor.

A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte á Administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

15. Garantía definitiva.

O licitador que resulte adxudicatario provisional do contrato deberá constituír unha garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que transcorra o período dun ano desde o vencemento do contrato.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 88 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

16. Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

O carácter desproporcionado ou anormal das ofertas apreciarase en función do establecido no artigo 136 da LCSP.

En relación co prezo ofertado considerarase desproporcionada ou anormal, a baixa de toda proposición cuxo porcentaxe exceda en 10 unidades, polo menos, a media aritmética dos porcentaxes de baixa de tódalas proposicións presentadas,

17. Adxudicación definitiva.

17.1. A elevación a definitiva da adxudicación provisional non poderá producirse antes de que transcorran quince días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que se publique no Boletín Oficial da Provincia ou no perfil de contratante do órgano de Contratación.

Durante este prazo, o adxudicatario provisional deberá:

a) Certificación expedida pola Tesourería da Seguridade Social, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.

b) Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.

c) Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 84 da LCSP.

d) Documento xustificativo de estar dado de alta no IAE e ao corrente no pago do mesmo achegando copia de pagamento, xunto coa declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do devandito imposto, ou no caso de estar exento, declaración xustificativa ao respecto.

17.2. Transcorrido o prazo anterior, a adxudicación provisional deberá elevarse a definitiva dentro dos dez días

hábiles seguintes, sempre que o adxudicatario presentase a documentación requirida.

Cando non proceda a adxudicación definitiva do contrato o licitador que resultase adxudicatario provisional por non cumprir as condicións necesarias para elo, antes de proceder a unha nova convocatoria, a Administración poderá efectuar unha nova adxudicación provisional o licitador ou licitadores seguintes a aquel, por la orde na que quedasen cualificadas as súas ofertas, sempre que elo fora posible e que o novo adxudicatario prestase a súa conformidade, neste caso concederáse a este un prazo de quince días hábiles para cumprimentar o sinalado anteriormente.

18. Formalización do contrato.

18.1.A formalización do contrato realizarase en documento administrativo na data que sinale o órgano de contratación, dentro dos dez días hábiles seguintes a contar desde a data da notificación da adxudicación definitiva, constituíndo título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, sendo da súa conta os gastos derivados do seu outorgamento.

18.2.Cando por causas imputables ó adxudicatario non se puidera formaliza-lo contrato no prazo sinalado, o Concello poderá acorda-la súa resolución coa perda da garantía, previa audiencia do interesado e de acordo co establecido no artigo 140.3 da LCSP. Como consecuencia de dita resolución procederá a indemnización dos danos e prexuízos ocasionados.

18.3. O adxudicatario non poderá cede-los dereitos derivados deste contrato ou subcontratar unidades sen obter previamente a autorización do órgano competente do Concello.

19. Dereitos e obrigas do adxudicatario.

A) Obrigas:

19.1. O adxudicatario está obrigado ó cumprimento das disposicións establecidas con carácter xeral no regulamento

de servizos das Entidades Locais e das derivadas do réxime xurídico do presente contrato, así como das establecidas no prego de prescricións técnicas.

19.2. Correspóndelle ó adxudicatario o cumprimento das obrigas que establecen os artigos 198 e 256 da LCSP, en especial, o cumprimento das seguintes obrigas:

- Indemniza-los danos e perdas que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, excepto cando o dano sexa producido por causas imputables a Administración.
- Cumpri-las disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social, e de prevención de riscos laborais, estando obrigado a presenta-los xustificantes de tales obrigas cando se lle solicite.
- O contratista está obrigado a destinar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para elo, así como o seu mantemento en correctas condicións de uso, esta obriga se considera esencial. (Artigo 53.2 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público).
- Presta-lo servizo contratado procedendo a súa posta en funcionamento dentro do prazo dos quince días seguintes á sinatura do contrato.
- Presta-lo servizo coa continuidade acordada, e na forma, tempo e condicións establecidas no prego de condicións técnicas.
- Responder fronte o Concello, civil ou administrativamente, polas faltas que cometan os seus traballadores e empregados. Está obrigado o resarcimento dos danos que causen a terceiros con motivo da prestación defectuosa dos servizos, por negligencia ou culpa, xa se trate de persoas, bens, instalacións particulares ou bens de dominio público, sen prexuízo das sancións contractuais que se poidan impoñer.
- Responsabilizarse da falta de aseo, decoro, uniformidade, descortesía e maltrato que o persoal ó seu servizo observe con respecto aos cidadáns.

- Responsabilizarse de que os traballos se executen sen producir ruídos excesivos durante a prestación dos servizos e os traslados ós centros de traballo.
- O adxudicatario deberá acreditar ante o Concello, antes do comezo da execución do contrato e, en todo caso, antes de calquera modificación ou variación o seguinte:
 - Dependencia laboral do persoal contratado, no seu caso, durante a duración da prestación do servizo.
 - Garantías do persoal mínimo que figura na oferta e contratacións que sexan precisas, no seu caso.
 - Afiliación de todo o persoal ao Sistema Nacional de Seguridade Social, coa presentación mensual, xunto a factura, dos documentos TC2.
- Subscribir unha póliza de responsabilidade civil en contía mínima de 600.000 euros por sinistro e 150.000 euros por persoa, para cubri-las contingencias que poidan derivarse da execución do presente contrato.
- Calquera outra que estea legal ou regulamentariamente recoñecida ou figuren con tal carácter no prego de cláusulas administrativas ou de condicións técnicas obxecto deste contrato.

B) Dereitos:

19.3. Percibi-lo prezo do contrato na contía, tempo e forma establecidos neste prego.

19.4. Obte-la compensación económica para mante-lo equilibrio financeiro da concesión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 258 da LCSP.

19.5. Utiliza-los bens de dominio público municipais necesarios para a prestación dos servizos obxecto da concesión.

20. Execución do contrato.

O contratista está obrigado a organizar e presta-lo servizo con estricta suxeición as características establecidas no contrato e dentro dos prazos sinalados no mesmo.

En todo caso, o Concello conservará os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha do servizo, e

requirir ó concesionario para que corrixa nun prazo razoable as deficiencias observadas.

O concello da Capela non terá relación laboral nin estatutaria co persoal contratado ao efecto polo adxudicatario, polo cal, ao finalizar este contrato, non asumirá os contratos celebrados polo adxudicatario co seu persoal.

21. Modificación do contrato e mantemento equilibrio económico.

21.1. O Concello poderá modificar por razóns de interese público as características do contrato.

Cando as modificacións afecten ao réxime financeiro do contrato, o Concello deberá compensar o contratista de maneira que manteña o equilibrio económico do contrato. Non procederá compensación, no caso de que os acordos que dicte a Administración respecto ao desenvolvemento do servizo carezan de transcendencia económica.

21.2. A Administración deberá restablece-lo equilibrio económico do contrato, en beneficio de calquera das partes nos seguintes supostos:

a) Cando a Administración modifique, por razóns de interese público, as características do servizo contratado.

b) Cando actuacións da Administración determinaran de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato.

O restablecemento do equilibrio económico do contrato realizarase mediante medidas que poderán consistir na redución do prazo do contrato, e en xeral, en calquera modificación das cláusulas de contido económico do contrato.

As modificacións do contrato deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 140 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

22. Forma de pagamento.

O prezo do contrato seralle satisfeito ó contratista por trimestres vencidos, mediante presentación da factura correspondente, que previamente deberá ser conformada e aprobada pola Alcaldía.

23. Incumplimento e penalidades.

23.1. Incumplimento.

Se do incumplimento por parte do contratista se derivase perturbación grave e non reparable por outros medios no servizo público e a Administración non decidise a resolución do contrato, poderá acorda-la intervención do referido servizo ata que aquela desapareza. En todo caso, o contratista deberá abonar á Administración os danos e prexuízos que efectivamente lle ocasionase.

23.2. Penalidades por incumplimento.

Cando o contratista incumpra a adscrición á execución do contrato de medios persoais e materiais suficientes para elo, impoñeránselle penalidades que deberán ser proporcionais á gravidade do incumplimento e a súa contía non poderá ser superior ao 10% do prezo do contrato.

Si o incumplimento é considerado moi grave e atendendo a súa condición de deber esencial segundo se establece na cláusula relativa a obrigas e dereitos, poderá dar lugar a resolución do contrato.

As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do servizo se estivese designado, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante deducción das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se houbese constituído, cando non poidan deducirse das mencionadas cantidades.

24. Infraccións e sancións.

24.1. As infraccións nas que pode incorrer o concesionario cualifícanse en leves, graves e moi graves.

a) Son infraccións leves:

- O incumplimento inxustificado de horarios preestablecidos, cando non supoña falta grave.
- A incorrección cos usuarios, ou público en xeral e autoridades encargados da inspección e dirección do

servicio, e as disputas entre persoal do servizo durante a prestación do mesmo.

- O descoido e negligencia na prestación do servizo.
- O descoido do persoal no vestiario esixido o prescindir do mesmo durante a prestación do servizo, así como a inadecuada utilización fóra da xornada na que se presta ó mesmo.

- A posta en circulación de calquera tipo de propaganda ou folleto informativo sen coñecemento das autoridades municipais.

- Calquera incumprimento das obrigas do concesionario que non sexa cualificado como infracción grave ou moi grave.

b) Son infraccións graves:

- Desatender deliberadamente as ordes ou instrucións dictadas polo órgano competente do Concello, dentro das súas facultades de inspección e dirección.

- Os abusos de autoridade na prestación do servizo ou grave desconsideración cos usuarios ou co Concello.

- Ocasionar mediante dolo ou negligencia danos graves nos bens e dereitos de terceiros ou de titularidade municipal.

- A emisión de informes manifestamente falsos.

- As modificacións na cantidade ou calidade de prestación do servizo, utilizando sistemas de traballo diferentes aos previstos no contrato, sen previa autorización municipal.

- A recollida de residuos en puntos non establecidos previamente polo Concello.

- A acumulación transitoria de residuos sen autorización municipal.

- A ocultación da existencia de residuos non incluídos na prestación de servizos.

- A inobservancia das prestacións sanitarias ou incumprimento de ordes sobre situacións insalubres, perigosas ou con riscos para a saúde.

- O incumprimento xustificable dos horarios que supoña un atraso mínimo acumulado de quince horas ó mes.

- A utilización de vehículos sen luces ou outros dispositivos de seguridade previstos na homologación, ou non utilización polo persoal de dispositivos reflectantes

- As accións ou omisións dirixidas a evita-los sistemas de control de horario ou impedi-las inspeccións municipais.

- A omisión do deber de comunicar situacións contrarias ó bo estado da recollida, cando sexan relevantes.

- A acumulación de dúas faltas leves que sexan firmes na vía administrativa dentro do prazo de cada ano contractual

c) Son infraccións moi graves:

- A cesión, subarrendamento ou traspaso en todo ou en parte do servizo contratado, baixo calquera modalidade ou título, sen previa autorización expresa do órgano competente, sen prexuízo das prestacións de carácter accesorio que autoriza a normativa vixente de aplicación.

- A acumulación de dúas faltas graves que sexan firmes na vía administrativa dentro do prazo de cada ano contractual.

- O incumprimento das obrigas laborais, de seguridade social, de seguridade e saúde laboral, sempre que revistan carácter esencial.

- A paralización das prestacións obxecto deste contrato imputable ao concesionario, por un prazo que exceda de 48 horas, salvo nos casos de folga non imputables ó contratista.

- A resistencia reiterada aos requirimentos efectuados pola Administración mediante resolución expresa, cando produza un prexuízo grave na prestación dos servizos.

- Toda actuación que supoña discriminación por razón de raza, sexo, relixión, opinión, lingua, lugar de nacemento, veciñanza, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

- A prestación do servizo notoriamente deficiente, irregular ou incompleta que cause perigo para a saúde pública, prexuízo grave os cidadáns ou na execución do contrato.

- Carecer de pólizas de seguro dos bens e equipos, así como de responsabilidade civil.

24.2. Sancións:

As infraccións leves sancionaranse con apercibimento e multa ata a contía do prezo diario do contrato.

As infraccións graves sancionaranse con apercibimento e multa equivalente ata ó dobre do prezo diario do contrato ou ó dobre da deducción proporcional correspondente ós días que deixou de prestarse o servizo (mínimo o prezo diario do contrato).

As accións moi graves sancionaranse co triplo do prezo diario do contrato ata a resolución do contrato e a perda da fianza definitiva en función da gravidade dos feitos e oposición a reparación por parte do adxudicatario.

A imposición de sancións non exclúen as posibles indemnizacións de danos por parte do concesionario.

En todo caso as sancións sinaladas aplicaranse en defecto de regularización específica de ordenanzas municipais.

25. Extinción da concesión do servizo.

25.1. Son causas de extinción do contrato da concesión do servizo as seguintes:

- a) O cumprimento do prazo de concesión.
- b) A resolución do contrato polas causas previstas con carácter xeral nos artigos 206 e 262 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- c) Tamén rexerán como causas de resolución os supostos establecidos neste prego e no artigo 127 e concordantes do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

25.2. Cando o contrato se resolva por causa imputada ao contratista, incautárase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e prexuízos ocasionados a Administración, no que exceden do importe da garantía.

26. Reversión de bens e obras ó Concello.

Cando remate o prazo contractual, incluídas as prórrogas, o servizo reverte á Concello debendo entregarlle ó concesionario os bens adscritos ó mesmo incluso a reposición que realizase voluntariamente para mellora-la prestación, quedando a disposición do Concello

os contedores e obras inseparables do servizo que se realizen polo concesionario en terreos de dominio público ou do patrimonio municipal. Non se inclúe nesta reversión do servizo relación algunha do persoal do concesionario e vehículos e bens da súa exclusiva propiedade.

27. Réxime xurídico do contrato.

27.1 Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeráse polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel será de aplicación a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en todo o que non se opoña a mencionada Lei 30/2007; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

27.2. As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato administrativo, serán resoltas polo órgano de contratación, poñendo as súas resolucións fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse, opcionalmente, recurso de reposición perante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado a partir do día de recepción da notificación, conforme ó establecido no artigo 116 da Lei 30/1992; ou recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte o da presente resolución ou dende que sexa resolto o recurso de reposición no caso de que se formulase con carácter previo (seis meses de non haber resolución expresa), de conformidade co sinalado no artigo 46 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

A CAPELA, 19 de outubro de 2009

Vº E PRACE,

O SECRETARIO-INTERVENTOR,

O ALCALDE-PRESIDENTE,

Asdo.: Angel López Sueiro.

Asdo.: José A. Meizoso Paz.

Prego de prescricións técnicas que rexerán a contratación da xestión do servizo de recollida de residuos urbanos e transporte a planta de tratamento do Concello da Capela.

O presente prego define as condicións técnicas específicas que se deben cumprir na execución do contrato de xestión do servizo de recollida de residuos urbanos no Concello da Capela e transporte a planta de tratamento.

1.-Obxecto do servizo.

1.1.O obxecto do contrato e a recollida de residuos urbanos no termo municipal da Capela e o seu transporte ata a ecoplanta de Narón. No caso dos voluminosos o transporte será ata a planta de tratamento que contrate o concello dentro da provincia.

1.2.Os residuos a que se refire o presente contrato son os que se definen no artigo 4.2 e 3, da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia. Quedan excluídos a recollida selectiva dos envases lixeiros depositados nos contedores amarelos, e recollida de vidro e cartón depositados nos seus correspondentes contedores.

O citado artigo 4.2 e 3, da Lei 10/2008 sinala: "*Residuos urbanos ou municipais: os xerados nos domicilios particulares, comercios, oficinas e servizos, así como todos aqueles que non teñan a clasificación de perigosos e que, pola súa natureza ou composición, poidan asimilarse aos producidos nos anteriores lugares ou actividades.*

Terán tamén a consideración de residuos urbanos os seguintes:

- Residuos procedentes da limpeza ordinaria de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias.

- Animais de compañía mortos, así como mobles, aparatos e vehículos abandonados. Entenderase como animal de compañía os animais que teña no seu poder a persoa humana, sempre que a súa tenencia non teña destino o consumo ou o aproveitamento das súas produccions, ou non se leve a cabo, en xeral, con fins comerciais ou lucrativos.

- Residuos e escombros procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria.

Residuos comerciais: residuos municipais xerados pola actividade propia do comercio ao por menor e ao por maior, a hostalería, os bares, os mercados, as oficinas e os servizos.

Aos efectos do réxime de responsabilidades na xestión, terán tamén esta consideración os residuos non perigosos xerados na industria que, pola súa natureza ou composición, sexan asimilables aos residuos urbanos ou municipais.

1.3.No servizo de recollida de residuos sólidos inclúese o lavado e desinfección dos contedores.

2.Programa de recollida de residuos urbanos.

2.1.A recollida de residuos urbanos realizarase nos contedores situados no termo municipal da Capela procedentes de vivendas, comercios, edificios e establecementos públicos e áreas deportivas e recreativas e locais de servizos municipais, de acordo co proxecto de organización do servizo presentado polos licitadores e as posibles modificacións que poida introduci-lo Concello

2.2.O concesionario realizará a recollida segundo os tramos de recollida que figuran no Estudo Económico-Financeiro do servizo relizado polo enxeñeiro de camiños Don Javier López Pita en outubro de 2009.

2.3.A recollida realizarase en horario nocturno, agás nos días de festa que a recollida de lixo nas zonas afectadas se realizará a partir das 14 horas para evita-lo espallamento do lixo polas rúas.

2.4.O día de descanso da recollida deberase facer cadrar sempre e cando sexa posible co día de descanso da Ecoplanta, tendo en conta que nunca deberán quedar dous

días consecutivos sen recolle-lo lixo aínda que cadren dous ou máis festivos.

2.5.A recollida de mobles, trastes, electrodomésticos de desfeito, e outros realizarase unha vez ó mes en todo o termo municipal.

3. Normas de recollida.

3.1. Os traballos consistirán en retirar-lo lixo depositado en bolsas nos recipientes normalizados (contedores), que se atopan distribuídos polo termo municipal, procedendo a deposita-lo en vehículos recolletores e compactadores e devolvendo os contedores unha vez baleiros, ó seu lugar de orixe, deixando freados ou pechados os que dispoñan deste sistema. Cando se atopen bolsas de lixo fóra dos contedores (ben por estar cheos ou por calquera outra causa), deberase proceder a efectuar-la recollida das devanditas bolsas, limpando a zona manualmente para que quede nun estado axeitado de hixiene.

3.2.O adxudicatario, en principio, respectará a emprazamento dos contedores e o deseño das rutas actualmente existentes, se ben poderánselle efectuar modificacións de xeito bilateral (acordo expreso entre o Concello e a empresa adxudicataria). Non obstante, o Concello terá a potestade de efectuar o cambio daqueles contedores que considere necesario para mellora-lo servizo.

3.3. Tódolos residuos recollidos, agás os voluminosos, deberán ser depositados na ecoplanta de Sogama no Concello de Narón.

3.4.A empresa adxudicataria cumprirá en todo momento, coa normativa de prevención de riscos laborais e disposicións reguladoras da xestión e réxime legal dos residuos urbanos.

3.5. Non se permitirá o transvase de lixo dun vehículo a outro, salvo casos de absoluta necesidade e con autorización previa do Concello. Os vehículos do servizo situaranse no posible de xeito que non obstaculicen o tránsito na vía pública.

3.6. Realizarase de forma diferenciada a recollida de residuos voluminosos (mobles, trastes, aparatos, etc,) que pola súa natureza, dimensións, volume, peso ou outros características fai que teñan que ser recollidos dun xeito diferente, e serán depositados na planta de tratamento que sinale o Concello dentro da provincia, ou no punto limpo de selo caso.

4.Xestión dos contedores.

4.1.A empresa adxudicataria efectuará o lavado e desinfección dos contedores do servizo dúas veces ó ano. Asemade terán boa conta de deposita-las augas residuais do lavado dos contedores nunha planta axeitada para o seu tratamento, absténdose baixo ningún pretexto, de deposita-las na rede de sumidoiros ou calquera outro punto non axeitado.

4.2.Unha vez acometida a limpeza dos contedores, e dentro de dez días seguintes á execución dos traballos o adxudicatario pasará un informe detallado comunicando o número e tipo de contedores lavados por zona, así como calquera incidencia relativa ós mesmos.

4.3.O adxudicatario comprometerase a manter e conservar en perfecto estado de funcionamento os contedores e demais útiles que sexan propiedade do Concello, comunicando de xeito inmediato calquera dano ou deterioro que atope neles.

4.4.A reposición dos contedores de residuos sólidos urbanos será por conta do Concello, sendo repostos soamente aqueles que non se consideren recuperables para o seu uso.

5.Vehículos do servizo.

5.1.O adxudicatario empregará no servizo os vehículos que sexan necesarios para recollida dos residuos sólidos urbanos depositados nos contedores existentes no termo municipal, dispoñendo do modelo axeitado que permita a recollida de todos eles.

5.2.Os vehículos empregados polo contratista para presta-lo servizo serán necesariamente de tracción mecánica e coas características que esixe a lexislación

vixente. Os vehículos terán caixa metálica que será inatacable polos produtos que conteña o lixo, e silenciosos na súa operación e irán provistos dun sistema que permita compactar mecanicamente o lixo e non desprenda líquidos nas calzadas das vías públicas, estando a boca de carga á altura conveniente para a carga manual ou mecánica por parte dos operarios do vehículo.

5.3.O sistema de carga dos vehículos será compatible co tipo de contedores existentes na actualidade no Concello (contedores de 800, 360 e 240 litros), efectuándose a carga e descarga pola parte traseira do vehículo.

5.4.Os vehículos estarán dotados de radio emisor-receptor de potencia suficiente ou telefonía que permita o contacto permanente co departamento de obras e servicios do Concello.

5.5.Os vehículos levarán nas portas ou nun sitio ben visible a seguinte inscrición "SERVICIO MUNICIPAL DE RECOLLIDA DE LIXO".

5.6.Ademais do material ofertado polo adxudicatario, este poderá propor ó Concello, logo de iniciado o contrato, a utilización doutros vehículos, que poderán ser postos en servicio previa conformidade municipal.

5.7.O adxudicatario comprométese a ter os vehículos necesarios de reserva co obxecto de prever calquera continxencia ou avaría que poida entorpece-lo normal funcionamento do servicio, sendo o devandito contratista responsable destes extremos.

6.Persoal.

6.1. Os licitadores proporán na oferta o persoal necesario para a realización dos traballos, coas categorías para cada unha das operacións a realizar. Así mesmo deberán presentar relación detallada de todo o persoal indirecto asignado aos servizos co fin de garanti-lo funcionamento dos mesmos.

6.2. O Concello non terá ningunha relación xurídica laboral nin de calquera outra índole co persoal da empresa concesionaria.

6.3. O concesionario deberá ter asegurado todo o persoal o seu cargo e dispor de seguro de responsabilidade

civil que cubra posibles danos a terceiros na realización dos traballos previstos. No caso de folga de persoal, o Concello comunicarlle ó concesionario os servizos mínimos que considera necesarios, co fin de cubri-las necesidades do servizo, oído previamente o Comité de folga.

6.4.O persoal adscrito ó servizo será contratado de acordo coas disposicións legais vixentes nas condicións reflectidas no prego de cláusulas administrativas particulares, e deberá gardar co público as maiores consideracións.

6.5.O adxudicatario será responsable ante o Concello das faltas que cometan os seus empregados, e estará obrigado á reparación de tódolos danos que por mor dunha defectuosa prestación do servizo poidan causarse en calquera tipo de instalación, sen prexuízo das sancións a que poida dar lugar en cada caso concreto.

6.6.O persoal que utilice o adxudicatario para a prestación dos servizos, incluídos os condutores dos vehículos, estarán uniformados por conta do mesmo, sendo sometidos estes uniformes á aprobación do Concello.

A cantidade e calidade do vestiario para o persoal, cumprirá en todo momento o acordado polos convenios colectivos, e non será en ningún caso inferior a dous uniformes anuais, un de inverno e outro de verán, debéndose completar en tempo de choiva con pezas impermeables de cor ben visible.

7. Proxecto de plan de recollida.

As empresas licitadoras propoñerán para a prestación de recollida de residuos urbanos, incluídos os voluminosos, os sistemas máis eficaces para a súa prestación. Definirán con detalle o proxecto de organización para cada un dos servizos de forma que se cumpra o obxectivo fundamental de recollida de tódolos residuos axeitadamente.

Para tal efecto os licitadores explicarán nas súas ofertas os plans de recollida definindo:

- Metodoloxía e sistemas para empregar nas operacións.
- Medios técnicos e materiais a empregar, así como as súas características.

- Frecuencias e horarios de traballo.

8. Execución e control dos traballos.

Os servizos contratados estarán sometidos a inspección e vixilancia do concello da Capela, o cal poderá realizar as revisións que estime oportunas e dictar, en función da inspección realizada, ordes e instrucións concretas, que serán de obrigado cumprimento polo adxudicatario.

Calquera anomalía ou circunstancia que afecte a realización normal dos traballos obxecto deste contrato deberá ser comunicada inmediatamente o Concello.

O adxudicatario deberá cumprir coa lexislación vixente en materia de Seguridade e Saúde Laboral, en especial o relativo a Hixiene e Seguridade no Traballo, Lei de Prevención de Riscos Laborais e o seu Regulamento.

O adxudicatario estará obrigado a presenta-los documentos que lle sexan solicitados polo Concello da Capela, en especial aqueles relativos a Seguridade Social e Saúde Laboral, Accidentes de Traballo, Pólizas de Seguros, documentos TC1 e TC2 do cadro de persoal e en xeral todos aqueles que eximan de responsabilidade subsidiaria o Concello.

9.Outras disposicións.

9.1.0 Concello en casos excepcionais catástrofes, incendios, calamidades públicas e outras emerxencias, ou calquera circunstancia, poderá dispor que se realicen servizos polo adxudicatario quen recibirá a correspondente indemnización polos gastos que se lle ocasionen mediante o sistema de prezos contradictorios.

9.2.Non se admitirá unha vez iniciado o contrato, a interrupción total ou parcial da prestación do servizo, véndose obrigado o contratista, mesmo se a interrupción se producise axustaranse por circunstancias fortuítas ou de forza maior, a restablece-la continuidade do traballo na forma máis inmediata posible, con tódolos medios de que poida dispor,

9.3.A prestación de tódolos servizos obxecto deste contrato axustaranse ás normas de carácter sanitario e

técnico establecidas na actualidade, ou que no futuro poidan dictarse pola Administración do Estado, Xunta de Galicia, ou Concello, estando obrigado o adxudicatario ó seu cumprimento.

9.4.O adxudicatario estará obrigado a comunicarse de forma continuada cos servizos do Concello, co obxecto de recibir as instrucións pertinentes ou observacións necesarias para maior prestación do servizo. Asemade deberá comunicar nas devanditas dependencias, calquera circunstancia que atinxa o seu normal funcionamento.

9.5. O adxudicatario está obrigado a entregar os obxectos de valor que atope no lixo, nas oficinas do concello.

9.6. O adxudicatario disporá á fronte dos servizos e como máximo responsable dunha persoa suficientemente cualificada, que manterá contacto co responsable municipal do servizo, dita persoa deberá estar localizable e dispoñible, aínda que non sexa precisa a súa dedicación exclusiva.

A CAPELA, 19 de outubro de 2009.

Vº E PRACE
O ALCALDE-PRESIDENTE,

O SECRETARIO-INTERVENTOR,

Asdo.: Angel López Sueiro.

Asdo.: José A. Meizoso Paz

DILIXENCIA.- Para facer constar que o prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión ordinaria celebrada o día 29 de outubro de 2009.

A CAPELA, 30 de outubro de 2009